



**Memoria**  
**de**  
**actividades**  
**de Alcer-Lugo**

**ANO 2022**

**ENTIDADE: *Asociación para persoas con enfermidade renal e as súas familias***

*Fecha: Xaneiro de 2023*

- Denominación	1
- Índice	2
- Introducción	3
- Obxectivos (xenerais e específico)	5
- Actividades do ano 2023	7
i. Campaña de recollida de tapones	7
ii. Actividades coa Federación ALCER Galicia	8
iii. Roteiros solidarios “Catro estacións para todos en Lugo”	9
iv. Día Internacional da Muller	9
v. Día Mundial do Ril	10
vi. Taller de técnicas de relaxación	11
vii. Taller de coidados nutricionais en persoas con ERC	11
viii. Consello de pacientes de Ribera Polusa	11
ix. As Solidario	12
x. Coñece a túa provincia	13
xi. Día Nacional do doante de órganos	14
xii. Día do Cancro renal	15
xiii. Buscando a Rili	15
xiv. Premio As Termas Suma	16
xv. XV Xornada Renal de ALCER LUGO	17
xvi. Hoxe por Hoxe Cadena Ser	17
xvii. Día internacional da discapacidade	18
xviii. Feira solidaria “Diversiarte”	18
xix. Vídeo Informativo	19
- Actividades anuais	20
i. Atención e intervención social	20
ii. Atención e intervención psicolóxica	21
iii. Atención e asesoramento dietético-nutricional	22
iv. Transporte sanitario de enfermos en tratamento de hemodiálise.	22

## INTRODUCCIÓN

A Asociación para a Loita Contra as Enfermidades do Ril (ALCER) ten presenza en toda España, nacendo ante a necesidade de ***dar resposta ás necesidades das persoas que se encontran afectadas por unha enfermidade renal e das súas familias.***

ALCER LUGO fundouse no ano 1981, sendo declarada Asociación de utilidade pública no ano 1984. Actualmente está asociada á Federación Nacional ALCER, Federación ALCER Galicia e COGAMI.

Na actualidade superamos as **438 persoas asociadas** a ALCER

Os beneficiarios directos deste proxecto son aproximadamente **34.500 persoas** (ao redor de 34.000 persoas en prediálise, 210 persoas en tratamento de hemodiálise, 40 persoas en diálise peritoneal, 6 persoas en hemodiálise domiciliaria, 50 persoas aproximadamente profesionais sanitarios e ao redor de 150 persoas transplantadas).

A maiores estes servizos benefician a outras persoas de forma indirecta como poden ser os voluntarios de ALCER, os familiares e persoas da contorna dos afectados pola problemática, ... Estes beneficiarios secundarios son difíciles de cuantificar pero roldarían as **1.500 persoas**.

Os beneficiarios totais do proxecto exceden as **36.000 persoas**

No seu día a día esfórzase por conseguir que a situación das persoas que sofren algunha enfermidade renal sexa a mellor posible, con esa finalidade desde ALCER realízanse diferentes actividades e proxectos entre os que podemos atopar os seguintes:

- ◆ **Información e asesoramento** sobre Insuficiencia Renal Crónica (IRC).
- ◆ **Información, orientación e asesoramento sobre recursos sociais:** acollida dos enfermos de ril e as súas familias, intervención social individualizada, información e orientación sobre pensións da SS, tramitación e beneficios do Certificado de Discapacidade, prestacións económicas.
- ◆ **Visitas ás persoas con IRC** que precisan de tratamento de hemodiálise en cada un dos 4 centros existentes na provincia de Lugo, fixando sedes temporais en dichos

centros para atención multiprofesional individualizada das propias persoas afectadas, os seus familiares ou o persoal sanitario.

- ◆ **Asesoramento dietético - nutricional personalizado**, segundo as características de cada caso. Continuamos coa elaboración do proxecto de avaliación nutricional de pacientes con esta enfermidade, pretendendo estendelo a outros estadios da problemática, en coordinación coa USC para asesorar sobre unhas pautas de alimentación a seguir para mellorar a calidade de vida das persoas asociadas.
- ◆ **Elaboración e desenrolo de Proxectos sociais e Xornadas Renais.**
- ◆ **Colaboración coa OCT** (Oficina de Coordinación de Transplantes de Galicia), traballando activamente en campañas para o fomento e promoción da doazón de órganos mediante charlas informativas en centros educativos (tan importante para o noso colectivo).
- ◆ **Xestión do transporte sanitario en taxi** de persoas que ten que recibir tratamento de hemodiálises hospitalaria. Isto é posible grazas a un **convenio entre ALCER LUGO e o SERGAS**, polo que xestiónase en exclusividade este servizo en toda a provincia de Lugo desde o ano 2003; asinándose para tal fin un acordo coa Asociación Provincial de Taxistas Dedicados ao Transporte Sanitario. Na **actualidade 187 persoas coa problemática están utilizando este servizo.**
- ◆ **Tarefas de sensibilización e divulgación na comunidade:** Mesas informativas o Día Mundial do Ril, Día do Doante, Campañas de difusión e sensibilización, presentación dos servizos da entidade,...
- ◆ **En colaboración coa USC** e con o apolo da súa **Oficina de Voluntariado en Lugo**, leva a cabo un programa para o fomento da lectura entre as persoas que se atopan en tratamento de hemodiálises, mediante o servizo de biblioteca.
- ◆ **A través da Confederación Galega de Persoas con Discapacidade** ofrécese asesoramento legal, laboral, orientación sobre axudas técnicas, etc.
- ◆ Talleres de manualidades, risoterapia, ximnasia, programa de lecer e tempo libre, visitas culturais, viaxes...

## **OBXETIVOS DE ALCER LUGO**

- Promover a agrupación de tódolos enfermos renais e dos seus familiares. Crear as condicións para que as persoas asociadas poidan cumprir axeitadamente a súa misión.
- Defender a dignidade e os dereitos das persoas con enfermidades renais e con discapacidade, promovendo a plena integración escolar, laboral e social das persoas con enfermidades renais.
- Promover actitudes sociais positivas e favorecer a lexislación axeitada que mellore a situación das persoas con enfermidades renais.
- Participar no impulso e coordinación do movemento asociativo no que está integrado ALCER Lugo e representar ós socios/as a tódolos niveis de actuación.
- Reunir e difundir información xeral e especializada sobre os problemas das enfermidades renais.
- Desenvolver programas e actividades, dentro da propia discapacidade, dirixidos especificamente á atención da xuventude, as persoas maiores e a outros colectivos en risco de exclusión social.
- Desenvolver programas e actividades relacionados co fomento e a participación do Voluntariado Social.
- Promover e poñer en funcionamento todo tipo de iniciativas deportivas, culturais, educativas e de tempo libre orientadas ás persoas con enfermidade do ril e con discapacidade asociada.
- Promover e poñer en funcionamento todo tipo de programas de cooperación e desenvolvemento no exterior dirixidos ás persoas con enfermidades do ril, con discapacidade ou en risco de exclusión social.
- Sensibilizar á opinión pública e ás administracións dos problemas de prevención e tratamento das enfermidades renais e das consecuencias sociosanitarias que conlevan.
- Mellorar a situación das persoas con enfermidades renais e con discapacidade asociada, así como as das súas familias, favorecendo a integración e normalización persoal, familiar, social e laboral, potenciando canles de información e sistemas de axudas para ós usuarios/as, co fin derradeiro de mellorar a súa calidade de vida e propiciar a súa plena integración.



- 
- Informar e poñer en práctica os once puntos do Manifesto de persoas con enfermidade renal crónica.

## Actividades realizadas por ALCER Lugo durante o ano 2022

### CAMPAÑA DE RECOLLIDA DE TAPÓNS



Desde xaneiro a maio, a Asociación sumouse na recollida de tapóns para colaborar con Asden, na investigación da enfermidade Dent. A partir do mes de maio, a recollida de tapóns faise a favor do banco de tapóns que xestiona APSNAIS.

### ACTIVIDADES COA FEDERACIÓN ALCER GALICIA

As actuacións que leváronse a cabo dende a asociación foron:



- Psicoloxía do programa MEDRO con ALCER para toda Galicia. Intervención cos menores e as súas familias.
- Grupos de apoio.
- Campamento CRECE: do 25 de xuño ao 2 de xullo en Nigrán (Pontevedra) en colaboración coa Federación Nacional ALCER, coa asistencia de 33 menores.
- Talleres de formación: “Manifiesto de persoas con ERC” o 19 de outubro.

ROTEIROS SOLIDARIOS "Catro estacións para todos en Lugo"



Coa colaboración de Guido Álvarez, guía turístico de Lugo nomeado "Traveller's Choice" de Tripadvisor e "Petiscos dá lingua" en Twitter, e de ALUCEM levamos a cabo catro roteiros, cada unha nunha estación do ano, por distintas zonas da cidade de Lugo.

O roteiro de inverno foi o 17 de febreiro, a de primavera o 12 de maio, a de verán o 10 de agosto e a de outono o 10 de novembro.



### TALLERES FORMATIVOS

Ao longo do ano, a traballadora social e a administrativa realizaron varios cursos dentro da plataforma educativa de COCEMFE. Os cursos foron:

- Accións para a creatividade e a innovación social.
- Intelixencia laboral.
- Perspectiva de xénero.
- Convención de dereitos das persoas con discapacidade, ODS e modelo social de atención a persoas con discapacidade.

A través de outras plataformas, os cursos foron:

- Apoio psicolóxico e social en situacións de crisis.
- Factura dixital.
- Animación Turística (Xunta de Galicia)
- Axente ODS (Taller de solidariedade)
- Adestrar a memoria e intervir en reminiscencias.

### 8 DE MARZO DÍA INTERNACIONAL DA MULLER



Con motivo do Día da muller, a Presidenta de ALCER Lugo, M.<sup>a</sup> José Otero Díaz, participou nunha mesa redonda de ALUCEM na que se presentaba o libro de Fernanda Arrojo Novo “As capas dunha cebola. Interseccionalidade de xénero e discapacidade física”.

10 DE MARZO DÍA MUNDIAL DO RIL



O 10 de marzo, conmemoramos o Día Mundial do Ril, baixo o lema **“AUMENTAR O COÑOCEMENTO PARA MELLORAR O CUIDADO RENAL”**.

O propio día instaláronse mesas informativas no Concello, Deputación, Hospital Lucus Augusti e Centro comercial As Termas. Tamén se iluminaron as fachadas do Concello, a Deputación e a Tanxugueira de cor morada conmemorando este día.

O 12 de marzo, o Clube Deportivo Breogan dedicounos o partido que xogaban contra o Surne Bilbao Basket.

### TALLER DE TÉCNICAS DE RELAXACIÓN



O 6 de abril, coa colaboración da Escola de cidadáns do SERGAS, levouse a cabo un taller sobre distintas técnicas de relaxación impartido pola nosa psicóloga, Patricia Casal Vázquez.

### TALLER DE CUIDADOS NUTRICIONAIS EN PERSOAS CON ERC



O 27 de abril en Lugo, e o 11 de maio en Foz, coa colaboración da Escola de cidadáns do SERGAS, levouse a cabo un taller sobre os coidados nutricionais nas distintas fases da enfermidade renal pola nutricionista de Federación Alcer Galicia, Laura Failde Rey.

### CONSELLO DE PACIENTES DE RIBERA POLUSA



Participamos no consello de Pacientes de Ribeira Polusa, o 27 de abril que deu unha charla a administrativa, M.<sup>a</sup> Jesús Díaz-Freijo Martínez, sobre a nosa asociación, e o 26 de outubro.

### AS SOLIDARIO

Con Diego As, recentemente nomeado o mellor grafiti do mundo co seu Julio Cesar, e Adrián Mou realizouse un taller de grafitis na Casa Clara Campoamor, en colaboración con ALUCEM e o Concello de Lugo. No taller, levado a cabo o 29 de abril, pintouse a fachada da nave con axuda de todos os participantes na actividade.



### COÑECE A TÚA PROVINCIA

O 25 de maio participamos na excursión da Deputación de Lugo “Coñece a túa provincia” que lle concedeu a ALUCEM. O 2 de novembro foi a excursión concedida a ALCER na que participaron tamén membros de ALUCEM. Ambas as excursións foron a distintas zonas da costa lucense.



## 1 DE XUÑO DIA NACIONAL DO DOANTE DE ÓRGANOS



Con motivo do día Nacional do Doante de Órganos, co lema **“XEN DOANTE ACTÍVALO”**, colocáronse mesas informativas no Concello, a Deputación e o Hospital Lucus Augusti. Así mesmo, o Concello de Vilalba, Concello de Lugo, Deputación e a Tanxugueira se tiñeron de verde para conmemorar este día.

En colaboración cos distintos Colexios sanitarios de Lugo levou a cabo unha Charla Maxistral no Salón de actos do Colexio de Médicos, na que participaron Miguel Ángel Fernández López, ucista do HULA; Berta Pérez Landín, responsable técnico do Centro de información do medicamento e Josibel García Benítez, paciente renal.

Así mesmo, a Vicepresidenta Angélica Gómez Fernández participou por videoconferencia en “Historias de Vida” nas actividades da Federación Alcer Galicia.

## DÍA DO CANCRO RENAL



O 16 de xuño, con motivo do Día do cancro renal, e en colaboración con AECC de Lugo, impartíuse unha charla no Salón de actos do Colexio de Médicos, sobre foto protección solar impartida pola psico oncológa Rosa M.<sup>a</sup> Zas Castro.


## BUSCANDO A RILI

Desde o mes de abril ofertouse aos colexios de educación primaria de Lugo cidade participar no concurso de debuxo Buscando a Rili. Participaron tres colexios, e o 17 de xuño realizouse a entrega de premios no Hall do Hospital Lucus Augusti coa participación de Rili nosa mascota, Máximus mascota do Club deportivo Breogán e Nabic mascota do Club deportivo Lugo que entregaron os premios. Estiveron presentes Ramón Ares Rico, Xerente da área sanitaria de Lugo, Cervo e Monforte e Gloria Enríquez Sanjurjo, da área de humanización do hospital. Todos os debuxos presentados estiveron expostos no hall do hospital durante a semana posterior á entrega dos premios.



**"BUSCANDO A RILI"**  
Concurso de dibujo

- **Participantes:** Alumnos de primeiro e segundo de Educación Primaria, en la ciudad de Lugo.
- **Plazo de Admisión:** hasta el 9 de junio de 2022.
- **Lugar de entrega**  
En el propio centro educativo
- **Premios**
  - 1º Camiseta del Club Deportivo de Baloncesto Breogán
  - 2º Camiseta del Club Deportivo Lugo
  - 3º Juguete Educativo
- **Exposición:**  
Hall del Hospital Lucus Augusti  
Redes sociales





### PREMIO AS TERMAS SUMA

O 29 de xuño, o proxecto “CUBOS” presentado por Alcer Lugo en nome da Asociación ART FOR DENT, resultou gañador do premio outorgado polo Centro Comercial AS TERMAS.

Os cubos expóñense en distintos puntos da comunidade galega, empezando o mes de xaneiro de 2023 en Lugo.






## XV JORNADA RENAL DE ALCER LUGO

### DOAZÓN E TRANSPLANTE Un Camiño por Percorrer

XV Xornadas Alcer Lugo - Federación Alcer Galicia



O 23 de outubro, baixo o lema **"Doazón e transplante: un camiño por percorrer"** reunímonos no salón de acto do Hospital Lucus Augusti, para levar a cabo as XV Xornadas Renais da Asociación na que participaron varios relatores con temas relacionados coa doazón e os transplantes de órganos. levou a cabo coa colaboración da Federación ALCER Galicia.

### HOXE POR HOXE CADENA SER



Participamos, por invitación da Deputación de Lugo, no programa de radio de Neste momento o dous de decembro, no que se dedicou a canción "Invicta" de Aurora Beltrán aos socios e usuarios de ALCER Lugo

### 3 DE DECEMBRO DÍA INTERNACIONAL DA DISCAPACIDADE.

Con motivo do Día da discapacidade asistimos á lectura do Manifesto sumándonos ao carro cunha mirada especial para aquela discapacidade orgánica que non se ve.



### 14, 15 E 16 DE DECEMBRO FEIRA SOLIDARIA "DIVERSIARTE"

Participamos na feira solidaria "Diversiarte" nos días 14,15 e 16 do mes de decembro. Está iniciativa, foi organizada polo Concello de Lugo, en colaboración con distintas asociacións do ámbito social, contando con máis de vinte postos. Visibilizamos as accións que realiza a nosa entidade sobre as enfermidades renais e os seus cuidados, á vez que recadabamos fondos para futuros proxectos.



## VIDEO INFORMATIVO SOBRE DOAZÓN E TRANSPLANTES

Durante este ano estívoise preparando un vídeo informativo sobre a doazón e transplante de órganos coa nosa mascota Rili e en colaboración coas mascotas do Club Deportivo Breogán Máximus e do Club deportivo Lugo Nabic que se utilizasen nos centros educativos da provincia e tentaremos exportar ao resto de España.



## ACTIVIDADES ANUAIS

### ♣ ATENCIÓN E INTERVENCIÓN SOCIAL

Ao longo do ano, levaron a cabo infinitas intervencións sociais con persoas que padecen a enfermidade, familiares e profesionais do ámbito socio-sanitario.

Moitas destas como consecuencia das entrevistas realizadas nas visitas ás clínicas, outras por iniciativa propia da persoa na asociación, ou tamén por derivación dos profesionais sanitarios ou solicitude da familia. As consultas e intervencións máis comúns son:

- Información, orientación e asesoramento sobre IRC.
- Información, orientación e asesoramento sobre Recursos Sociais como:
  - Certificado de Discapacidade.
  - Pensións da Seguridade Social.
  - Incapacidades laborais.
  - Vacacións para persoas en tratamento de hemodiálises e para persoas con discapacidade, incluíndo a tramitación do tratamento en outras provincias españolas.
  - Solicitude por gastos de desprazamento para persoas con ER.
  - Transporte adaptado 065.
  - Tramitación abonos transporte.
  - Etc.
- Elaboración e xestión de proxectos sociais e tramitación de subvenciones.
- Planificación e coordinación das actividades da entidade.

## ♣ ATENCIÓN E INTERVENCIÓN PSICOLÓGICA



PROGRAMA DE ATENCIÓN PSICOLÓGICA  
EN ENFERMEDAD RENAL



PROYECTO FINANCIADO POR FUNDACIÓN ONCE

Desde **COGAMI**, por medio do cofinanciamento da Fundación ONCE, conseguimos que Alcer Lugo mantivo o seu proxecto de atención psicolóxica a persoas con enfermidade renal.

Neste apartado contamos con unha psicóloga que levou a cabo as seguintes actividades:

- Colaboración no programa “Crece con ALCER” da Federación ALCER Galicia.
- Proporcionouse apoio e asesoramento psicolóxico ás persoas enfermas, así como aos seus familiares.
- Realizáronse terapias individuais con aquelas persoas que o precisen co fin de apoialas afectivamente, tanto no comezo como no desenvolvemento da enfermidade.
- Colaboración co Hospital Lucus Augusti de Lugo, Hospital da Costa de Burela e Clínica B.Braun (Lugo e Monforte) para atención de pacientes en hemodiálise/diálises peritoneal e os seus familiares, velando por unha adecuada estabilidade emocional nesta etapa do tratamento. Reunións co persoal médico dos citados centros de diálises para asesoramento de pacientes.
- Atención en locais cedidos tanto no Hospital Lucus Augusti como na clínica B.Braun de Lugo para atención, información e asesoramento personalizado de pacientes en temas relacionados co seu benestar físico e social, atendendo particularmente aos seus estados de ánimo.
- Facilitar que as persoas poidan desenvolver habilidades propias co fin de favorecer a adaptación destas ante as diferentes situacións e dificultades relacionadas coa enfermidade.

### As consultas mais frecuentes foron:

- Información, orientación e asesoramento sobre IRC.
- Abordaxe da noticia de inicio do tratamento e apoio no proceso de reorganización familiar.
- Compañía nas diferentes etapas e intervención na súa contorna.

### ♣ *ASESORAMENTO DIÉTETICO-NUTRICIONAL*

Neste apartado contamos coa nutricionista de Federación ALCER Galicia, que, durante este ano, fixo numerosas intervencións en asesoramento alimentario en pacientes con enfermidade de ril, familiares e profesionais de diferentes ámbitos.

As consultas máis frecuentes son información, orientación e asesoramento sobre alimentación en IRC, en todas as etapas (prediálisis, diálises peritoneal, hemodiálises e transplante renal) tanto a pacientes como aos familiares.

Desde principios de febreiro a finais de abril, desde a Asociación titorizouse a un alumno do grao de nutrición, quen realizou as súas prácticas regradas en colaboración coa USC, e que realizou varias infografías con receitas adaptadas á enfermidade renal.

### ♣ *TRANSPORTE SANITARIO DE ENFERMOS EN TRATAMENTO DE HEMODIÁLISES.*

Os pacientes en hemodiálises necesitan asistir a un centro de tratamento polo menos tres veces por semana, polo cal e para evitarlles esperas innecesarias e traslados máis curtos, chegamos a un acordo co SERGAS desde o ano 2003 para coordinar e xestionar o servizo de transporte sanitario en taxi. Para iso contamos cunha asociación de taxistas dedicados a este servizo. Na actualidade contamos con 187 usuarios que voluntariamente o utilizan.



**ASOCIACIÓN PARA A LOITA CONTRA AS ENFERMIDADES DO RIL  
(ALCER LUGO)**

**Memoria económica do exercicio 2022**

**1. ACTIVIDADE**

**1.1.- Natureza.**

No ano 1981 constitúese na cidade de Lugo a Asociación denominada **ASOCIACION PARA A LOITA NA CONTRA AS ENFERMEDADES DO RIL "ALCER LUGO"** que se rexerá pola Lei de Asociacións nº 191/1964, do 27 de decembro.

Foi declarada Entidade de Utilidade Pública polo Consello de Ministros de data 9 de maio de 1984, sendo rexistrada como tal o día 29 de maio de 1984, co N° 42.540.

Inscríbese no Rexistro Provincial de asociacións da Consellería de Xustiza, Interior e Administración Local co nº 303, no Rexistro de Entidades Prestadoras de Servizos Sociais da Consellería de Asuntos Sociais, Emprego e Relacións Laborais, co nº S-110, e no Rexistro Municipal de Asociacións do Excmo. Concello de Lugo, co nº119.

O seu domicilio social está establecido na Avenida Infanta Elena 11, Casa Clara Campoamor, locais 5 e 7 - 27003 Lugo.

Os fins fundacionais establécense como:

- Promove-la agrupación de tódolos enfermos renais e as súas familias.
- Defende-la dignidade e os dereitos das persoas con enfermidades renais e con discapacidade.
- A promoción da plena integración escolar, laboral e social das persoas con discapacidade, de actitudes sociais positivas cara a este colectivo, e da lexislación axeitada que mellore a súa situación.
- Participar na orientación, coordinación e impulso do movemento asociativo no que estea integrado ALCER-LUGO, con criterios de solidariedade.
- A creación das condicións para que as entidades membro poidan cumprir axeitadamente a misión, e a representación das mesmos perante os ámbitos provinciais, estatais e internacionais
- Reunir e difundir información xeral e especializada sobre os problemas da discapacidade
- O desenvolvemento de estratexias solidarias para acadar equilibrios interterritorias, en termos de calidade e servizos.
- O desenvolvemento de programas e actividades dirixidos especificamente a mulleres, xuventude, persoas maiores, colectivos en risco de exclusión, de fomento e participación do voluntariado social, así como de iniciativas deportivas, culturais, educativas e de lecer, e calquera outro que poida contribuír á cumprimento da misión da entidade e redundar no beneficio das persoas con discapacidade.



- O desenvolvemento de programas de cooperación e desenvolvemento no exterior dirixidos ás persoas con enfermidades renais, con discapacidade ou en risco de exclusión social.
- A sensibilización da opinión pública e á Administración dos problemas de prevención, tratamento e curación das enfermidades renais e das consecuencias socio-sanitarias que implican.
- Mellora-la situación de tódolos enfermos renais ou con discapacidade e as súas familias, favorecendo a súa integración e normalización.
- Potenciar canles de información e sistemas de axudas para as persoas socias, coa finalidade de mellorar a súa calidade de vida e integración, así como apoiar e representar ó colectivo para a consecución de dereitos e denuncia da súa vulneración.

### **1.2.-Actividades realizadas.**

Durante o ano 2022, realizáronse as seguintes actividades:

Campaña de recollida de tapóns  
Actividades coa Federación ALCER Galicia  
Roteiros solidarios "Catro estacións para todos en Lugo"  
Día Internacional da Muller  
Día Mundial do Ril  
Taller de técnicas de relaxación  
Taller de coidados nutricionais en persoas con ERC  
Consello de pacientes de Ribera Polusa  
As Solidario  
Coñece a túa provincia  
Día Nacional do doante de órganos  
Día do Cancro renal  
Buscando a Rili  
Premio As Termas Suma  
XV Xornada Renal de ALCER LUGO  
Día internacional da discapacidade: "Diversiarte"

As actividades asociadas ás mesmas, realizadas por Alcer Lugo durante o ano, son:

- Información e asesoramento sobre Insuficiencia Renal Crónica (IRC).
- Información, orientación e asesoramento sobre recursos sociais: acollida dos enfermos de ril e os seus familiares, intervención social individualizada, información e orientación sobre pensións da SS, tramitación e beneficios do Certificado de Discapacidade, Prestacións económicas, asesoramento nas clínicas de hemodiálise e nos tratamentos nos domicilios (peritoneal).
- Visitas ás persoas con IRC que precisan de tratamento de hemodiálise e peritoneal en cada un dos 4 centros que existen actualmente na provincia de Lugo (Hospital Lucus Augusti de Lugo, Hospital da Costa de Burela, Clínica B Braun en Lugo e Clínica B Braun de Monforte), fixando sedes temporais en ditos centros para atención multiprofesional individualizada das propias persoas afectadas, os seus familiares ou o persoal sanitario.






- Asesoramento dietético-nutricional personalizado, segundo as características de cada caso. Continuamos coa elaboración do proxecto de avaliación nutricional de pacientes con esta enfermidade, pretendendo estende-lo a outros estadios da problemática, para asesorar sobre unhas pautas de alimentación a seguir para mellorar a calidade de vida das persoas coa enfermidade.
- Asesoramento psicosocial personalizado, segundo as características de cada caso. Realízase tanto a pacientes como a familiares no momento en que detecta a enfermidade e durante todo o proceso.
- Elaboración e desenvolvemento de Proxectos Sociais e Xornadas Renais.
- Colaboración coa OCT (Oficina de Coordinación de Transplantes de Galicia), traballando activamente en campañas para o fomento e promoción da doazón de órganos mediante charlas informativas en centros educativos.
- Xestión do transporte sanitario en taxi de persoas que teñen que recibir tratamento de hemodiálise hospitalaria. Isto é posible grazas a un convenio entre AL CER - LUGO e o SERGAS, polo que se xestiona en exclusividade este servizo en toda a provincia de Lugo dende o ano 2003; asinándose para tal fin un acordo coa Asociación Provincial de Taxistas Dedicados ó Transporte Sanitario. Na actualidade 180 persoas coa problemática están a utilizar este servizo.
- Tarefas de sensibilización e divulgación na comunidade: Mesas informativas polo Día Mundial do Ril, Día do Doante, Campañas de difusión e sensibilización e presentación dos servizos da entidade, organización de xornadas e asistencia a congresos.
- En colaboración coa USC, e co apoio da súa Oficina do Voluntariado en Lugo, desenvólvese un programa para o fomento da lectura entre as persoas que se atopan en tratamento de hemodiálise e peritoneal -servizo de biblioteca-.
- A través da Confederación Galega de Persoas con Discapacidade ofrécese asesoramento legal, laboral, orientación sobre axudas técnicas, etc.
- Obradoiros de manualidades, ximnasia, informática, cociña, grupo de apoio, programa de ocio e tempo libre...
- Ao formar parte na Federación AL CER Galicia (FAG), AL CER Lugo colaborou no programa "Medro con AL CER". A finalidade é crear un programa de intervención psicosocial cos/as menores con Enfermidade Renal Crónica (ERC) e as súas familias en Galicia, tratando de comprender, predecir e cambiar a súa conducta social. Axudándolles a adaptarse á enfermidade, coa finalidade de mellorar a súa calidade de vida así como establecer bases sólidas de coordinación entre as partes implicadas dentro do proceso de atención sociosanitaria a menores con ERC e as súas familias.

## 2. BASES DE PRESENTACIÓN DAS CONTAS ANUAIS

### 2.1.- Imaxe fiel do patrimonio.

#### a) Imaxe fiel.

As contas anuais do exercicio 2022 de Alcer Lugo foron elaboradas a partir dos rexistros contables a 31 de decembro de 2022, e nelas aplicáronse os principios contables



e criterios de valoración recollidos no Real Decreto 1515/2007, polo que se aproba o Plan Xeral de Contabilidade para PEMES, e principalmente a resolución do ICAC de 26/03/2013 (BOE nº 85 de 9/04/2013), así coma o resto de disposicións legais vixentes en materia contable, e mostran a imaxe fiel do patrimonio, da situación financeira e dos resultados da entidade.

Segundo a Norma Segunda punto 1 da Resolución do ICAC do 26 de marzo de 2013, polo que se aproba o PGC de pequenas e medianas entidades sen fins lucrativos, establece que poderán aplicar este Plan Xeral de Contabilidade de PEMES todas as Entidades sen fins lucrativos, calquera que sexa a súa forma xurídica, individual ou societaria, que durante dous exercicios consecutivos reúnan, á data de peche de cada un deles, alo menos dous das circunstancias seguintes:

- Que o total das partidas do activo non supere os dous millóns oitocentos cincuenta mil euros. A estes efectos entenderase por total activo o total que figura no modelo de balance.
- Que o importe neto da súa cifra anual de negocios non supere os cinco millóns setecentos mil euros.
- Que o número medio de traballadores empregados durante o exercicio económico non sexa superior a 50.

Xa que logo a Asociación cumpre coas tres condicións establecidas, utilizará os modelos abreviados para a presentación das súas contas anuais.

En todos aqueles aspectos non recollidos nesta disposición, aplicaranse os principios contables e criterios de valoración recollidos no Real Decreto 1515/2007, polo que se aproba o Plan Xeral de Contabilidade de pequenas e medianas empresas e o resto de disposicións legais vixentes en materia contable.

b).- Razóns excepcionais de non aplicación de disposicións legais en materia contable.

A entidade non aplica principios contables non obrigatorios

c).- Información complementaria adicional relativa á imaxe fiel.

Alcer Lugo non aporta información complementaria adicional necesaria relativa á imaxe fiel do patrimonio.


**2.2.- Principios contables non obrigatorios.**

Aplicanse todos os principios contables obrigatorios establecidos no Código de Comercio, no Plan Xeral de Contabilidade e nas normas de adaptación do Plan Xeral de Contabilidade para as entidades sen fins de lucro, non sendo preciso apartarse dos mesmos sen aplicar outros alternativos.

**2.3.- Aspectos críticos da valoración e estimación da incerteza**

a) A entidade Alcer Lugo non aplicou ningún cambio nas súas estimacións contables derivadas de aspectos críticos de valoración.

b) A entidade segue, en todo momento, o principio de empresa en funcionamento. Os criterios de valoración dos seus activos, pasivos e patrimonio réxense de acordo a este principio. A estimación de incerteza por parte da Asociación non excede dos parámetros



considerados de normalidade no campo no que opera.

#### **2.4.- Comparación da información**

A entidade non modificou a estrutura do balance, da conta de perdas e ganancias do exercicio anterior. A información do exercicio que se informa é comparable coa do exercicio anterior que se mostra nos estados financeiros adxuntos.

#### **2.5.- Elementos recollidos en varias partidas**

As contas anuais de Alcer Lugo non teñen ningunha partida que fora obxecto de agrupación no balance, ou na conta de perdas e ganancias.

#### **2.6.- Cambios en criterios contables**

Non houbo cambios nos criterios contables.

#### **2.7.- Corrección de erros.**

Non houbo corrección de erros

### **3. APLICACIÓN DE RESULTADOS**

#### **3.1.- Excedente do exercicio.**

No exercicio 2022 obtense como resultado das súas actividades ordinarias un excedente positivo de 301,72€.

#### **3.2.- Aplicación de resultados.**

Durante o ano 2022 a entidade traspasou os resultados obtidos no exercicio anterior á Compensación de resultados negativos de exercicios anteriores; o seu importe ascendeu a 246,97€.

A Xunta Directiva da Asociación Alcer Lugo propondrá a aprobación da distribución do resultado do exercicio terminado a 31 de decembro do 2022 da seguinte forma:

	2.022
<b><u>BASE DO REPARTO</u></b>	<b><u>IMPORTE</u></b>
Excedente do exercicio	301,72
Remanente	
Reservas voluntarias	



Outras reservas de libre disposición	
<b>TOTAL</b> .....	<b>301,72</b>
<b>APLICACIÓN</b>	<b>IMPORTE</b>
A fondo social	
A reservas especiais	
A reservas voluntarias	
A compensación de excedentes negativos de exercicios anteriores	301,72
<b>TOTAL</b> .....	<b>301,72</b>

### 3.3.- Limitacións na aplicación dos excedentes.

Non existen limitacións para a distribucións de resultados propostos no apartado anterior.

#### 4.1.- Inmovilizado intanxible.

O inmovilizado intanxible recóllese no Balance cando é probable a obtención a partires do mesmo, de beneficios ou rendemento económico para a entidade no futuro, e sempre que se poida valorar con fiabilidade. O recoñecemento contable dun activo implica tamén o recoñecemento simultáneo dun pasivo, a diminución doutro activo e o recoñecemento dun ingreso ou outros incrementos no patrimonio neto (Marco conceptual do PXC Pemes para ENL, apartado 5 punto 1).

Ademais debe cumprir co criterio de identificabilidade, cumprindo o dito inmovilizado con algún dos requisitos seguintes:

-Que sexa separable, é dicir, susceptible de ser separado da entidade e vendido, cedido, entregado para a súa explotación, arrendado ou intercambiado.

- Que xurda de dereitos legais ou separables da entidade ou doutros dereitos ou obrigas

A Asociación Alcer Lugo non posúe durante o ano 2022 partidas pertencentes ao inmovilizado intanxible.

#### 4.2.- Inmovilizado material.

O inmovilizado material recoñécese no Balance cando é probable para a entidade, nun futuro, a obtención de beneficios ou rendemento económico a partires do mesmo, e sempre que se poida valorar con fiabilidade. O recoñecemento contable dun activo implica tamén o recoñecemento simultáneo dun pasivo, a diminución doutro activo e o recoñecemento dun ingreso ou outros incrementos no patrimonio neto. (Marco conceptual do PXC Pemes para ENL, apartado 5 punto 1).

Preséntase a custo de adquisición, incluíndo no mesmo aqueles gastos adicionais nos que se incorreu ata a súa posta en condicións de funcionamento.

Os gastos de reparacións e mantemento, que non supoñen unha prolongación da vida útil dos elementos do inmovilizado, recoñécense como gastos no exercicio no que se producen.



A dotación anual da amortización calcúlase polo método lineal en función da vida útil estimada. No presente exercicio procedeuse a amortizar a máximos todo o inmovilizado, segundo as Táboas de Amortización aprobadas no Real Decreto 1777/2004 de 30 de xullo.

A vida útil estimada por partidas de inmovilizado material foron as seguintes (en porcentaxes):

Inmovilizado material	% depreciación
Instalacións técnicas .....	10%
Mobiliario.....	10%
Equipos procesos Información.....	25%
Outro inmovilizado material .....	10%

#### **4.3.- Terreos e construcións como inversións inmobiliarias.**

ALCER-LUGO non posúe bens recollidos nesta partida.

#### **4.4.- Bens integrantes do Patrimonio Histórico.**

A entidade non ten bens integrantes do Patrimonio Histórico.

#### **4.5.- Permutas.**

Durante o exercicio 2022 non existiron permutas.

#### **4.6.- Créditos e débitos pola actividade propia.**

Os créditos e débitos son todos a curto prazo, tendo previsto o seu pago ou cobro no próximo exercicio económico.

#### **4.7.- Activos e pasivos financeiros.**

Poden ser activos financeiros ou pasivos financeiros.

A entidade ten rexistrados no capítulo de instrumentos financeiros, aqueles contratos que dan lugar a un activo financeiro nunha entidade e, simultaneamente, a un pasivo ou instrumento de patrimonio na contrapartida. Considéranse polo tanto, instrumentos financeiros os seguintes:

➤ **Activos financeiros.** Valóranse segundo a seguinte clasificación:

- *Activos financeiros mantidos para negociar:* inclúen activos financeiros adquiridos co propósito de vendelos no curto prazo. Estes activos valóranse posteriormente ao seu valor razoable e, no seu caso, os cambios de valor razoable rexístranse directamente na conta de perdas e ganancias.
- *Activos financeiros a custo amortizado:* inclúense nesta categoría aqueles créditos orixinados polo tráfico habitual da actividade, así como aqueles activos financeiros que, non sendo instrumentos de patrimonio nin derivados,



non teñen orixe comercial, e cuxos cobros son de contía determinada ou determinable. Valóranse inicialmente á custo, e nas valoracións seguintes a custo amortizado. Ao final do exercicio analízase se resulta preciso practicar deterioro de valor sobre os mesmos.

- *Activos financeiros a custo*: inclúense os investimentos en patrimonio de empresas do grupo, multigrupo e asociadas, así como os demais instrumentos de patrimonio, agás que sexan clasificados como *Activos financeiros mantidos para negociar* ao menos a fins do exercicio; efectúase a corrección valorativa precisa se hai evidencia de que o seu valor é inferior ao contabilizado.
- **Pasivos financeiros.** Valóranse segundo a seguinte clasificación:
- *Pasivos financeiros a custo amortizado*: compostos por débitos, operacións de orixe comercial e débitos por operacións non comerciais, distintos de instrumentos derivados. Valóranse inicialmente polo custo equivalente ao valor razoable da contraprestación recibida, e posteriormente polo custo amortizado.
  - *Pasivos financeiros mantidos para negociar*: son os instrumentos financeiros derivados e valóranse cos mesmos criterios que os Activos financeiros mantidos para negociar.

#### **4.8.- Existencias.**

ALCER-LUGO a 31/12/2022 non posúe existencias en almacén.

#### **4.9.- Transaccións en moeda estranxeira.**

Durante o exercicio económico 2022 non se produciron transaccións en moeda estranxeira.

#### **4.10.- Imposto sobre beneficios.**

Durante o exercicio económico 2022 as fontes de ingresos de ALCER-LUGO consistiron fundamentalmente en subvencións e doazóns ou aportacións de patrocinadores/colaboradores, así como das cotas dos seus socios e afiliados.

Ao ser ALCER-LUGO unha entidade sen fins de lucro e estar parcialmente exenta do imposto de sociedades (artigo 9.3 texto refundido da Lei do Imposto de Sociedades) só tributará por aqueles ingresos xerados por actividades económicas.

No ano 2022 ALCER-LUGO non tivo ingresos xerados por actividades económicas.

#### **4.11.- Ingresos e gastos.**

Os ingresos e gastos impútanse en función da corrente real dos bens e servizos que representan e con independencia do momento en que se produza a corrente monetaria ou financeira derivada deles.

A entidade rexistra os gastos de persoal mensualmente. As cargas sociais devénganse no mes correspondente e páganse a mes vencido. Os gastos de formación, de existiren, se rexistrarían no momento do seu compromiso.



#### **4.12.- Provisións e contingencias.**

Non existen provisións e contingencias durante o exercicio 2022.

#### **4.13.- Subvencións, doazóns e legados.**

As subvencións, doazóns e legados contabilízanse con carácter xeral, como ingresos directamente imputables ao patrimonio neto e recoñeceranse na conta de Resultados como ingresos sobre unha base sistemática de forma correlativa cos gastos derivados da subvención.

As subvencións, doazóns e legados que teñan o carácter de reintegrables rexistraranse como pasivo ata que adquiren o carácter de non reintegrables. A estes efectos, considéranse como non reintegrables cando cumpran as condicións polas que foron concedidas e non existan dúbidas razoables para a súa recepción.

